

20617 *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 997/2003, do 25 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Servicio Xurídico do Estado.* («BOE» 270, do 11-11-2003.)

Advertidos erros no Real decreto 997/2003, do 25 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Servicio Xurídico do Estado, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 11 en lingua galega, do 1 de setembro de 2003, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 1965, Preámbulo, punto VI, parágrafo segundo, última liña; na páxina 1969, artigo 1, número 3, alínea e), décima liña; na páxina 1970, artigo 1, número 3, alínea k), sétima liña; na mesma páxina, artigo 3, número 1, alínea b), duodécima liña e na páxina 1971, artigo 3, número 1, alínea d), décimo sétima liña, onde di: «paraxudiciais», debe dicir: «extraxudiciais».

Na páxina 1973, artigo 10.2.^a b), undécima liña, despois da palabra «indefensión», debe dicir: «solicitando expresamente cal é o criterio que aquelas sosteñen».

Na páxina 1973, artigo 14.2, novena liña, onde di: «xerando crédito», debe dicir: «e poderá xerar crédito».

XEFATURA DO ESTADO

20695 *LEI 36/2003, do 11 de novembro, de medidas de reforma económica.* («BOE» 271, do 12-11-2003.)

JUAN CARLOS I
REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

O obxectivo fundamental da política económica española é seguir progresando na converxencia real cos países máis avanzados da Unión Europea. A estratexia para acadar este obxectivo esixe, ademais do mantemento da estabilidade macroeconómica, o incremento da capacidade de crecemento a longo prazo da economía.

No contexto determinado pola integración de España na Unión Económica e Monetaria, que ofrece un marco favorable para a estabilidade macroeconómica, a política de reforma estrutural dos mercados de produtos e factores adquire un especial protagonismo. A liberalización e o incremento da competencia nestes mercados, tralas reformas emprendidas nos últimos anos, permitiron manter un diferencial de crecemento positivo coas economías máis avanzadas da Unión Europea que se reflectiu en progresos na converxencia cos niveis de renda e de emprego destes países.

Este crecemento diferencial produciuse tanto na fase expansiva do ciclo como na máis recente fase de desaceleración. Nun contexto internacional de débil crecemento, a economía española foi capaz de manter taxas de crecemento e de creación de emprego relativamente elevadas. Rómpease así coa tendencia estrutural seguida

en ciclos anteriores, nos que a economía española medraba por enriba da media europea nos períodos de expansión pero sufría de forma diferencial as desaceleracións ou as recesións.

A economía española está cada vez máis aberta ó exterior e integrada nos mercados europeos e internacionais. Polo tanto, está tamén máis exposta ós riscos e incerteza que condicionan a evolución da economía internacional e que, nos últimos meses, foron particularmente intensos.

No momento actual en que algunhas destas incertezas se empezaron a despexar, cómpre adoptar medidas extraordinarias e urxentes de continuación co proceso de reforma estrutural, que permitan que a economía española continúe co proceso de converxencia coas economías máis avanzadas e eviten decididamente que se poida ver exposta ó risco de abandonala súa senda de crecemento diferencial. Trátase de afondar na liña mantida nos últimos anos pola política económica, orientada á reforma e liberalización dos mercados de produtos e factores, que tivo efectos positivos perceptibles en termos do nivel de renda e de emprego, actuando sobre aquelas barreiras que dificultan o proceso de crecemento.

As reformas deben prestar especial atención, en primeiro lugar, á creación de condicións idóneas para o desenvolvemento do espírito emprendedor e a pequena e mediana empresa, elementos dinamizadores da actividade económica.

En segundo lugar, resulta necesario impulsar o mercado de arrendamento de vivenda, para dar resposta á urxente demanda social de contar cun parque accesible de vivendas en aluguer, para facilitar así a mobilidade xeográfica dos traballadores e o acceso á vivenda de mozos e mozas e inmigrantes.

En terceiro lugar, en liña coas conclusións dos Consellos Europeos de Goteburgo e de Barcelona, é necesario adoptar medidas para garantir e impulsar o desenvolvemento económico. Isto esixe prestar especial atención á participación de tódolos colectivos sociais, e en particular dos máis vulnerables, como os traballadores por conta propia e as mulleres, nos beneficios da liberalización e o crecemento, facilitando a súa incorporación ó mercado de traballo, así como potencia-la integración dos obxectivos ambientais no deseño e a execución da política económica.

Por último, é necesario continuar coa adopción de medidas de reforma para aumenta-la eficiencia dos mercados de produtos e factores, así como potencia-lo investimento productivo e mellora-lo funcionamento do mercado hipotecario.

II

No título I do texto atópanse as medidas dirixidas a impulsar a actividade e creación de pequenas e medianas empresas.

Para iso, no imposto sobre a renda das persoas físicas créase a figura da «conta aforro-empresa», que se configura como unha conta de aforro de características moi similares á actual conta aforro-vivenda.

Este incentivo fiscal nace para facilita-la creación de empresas mediante o fomento do espírito emprendedor, seguindo así as recomendacións efectuadas pola Comisión Europea no Libro Verde de «O espírito empresarial en Europa» co fin de contribuír a estimula-lo aforrador español, do modo que este reorienta o seu esforzo investidor cara á creación e desenvolvemento de novos negocios mediante incentivos fiscais que potencien este tipo de aforro.

En segundo lugar, auméntase o número de empresas que poderá acceder ás vantaxes fiscais das entidades de reducida dimensión, ó fixa-lo límite de entrada nunha

m

cifra neta de negocios inferior ós seis millóns de euros, cando ata a data o limiar se establecía en cinco millóns de euros.

O título II da lei agrupa as medidas de política de vivenda establecidas para potencia-lo mercado de arrendamento de vivendas en España.

Articúlase no imposto sobre sociedades un réxime especial para as entidades que teñan como obxecto social exclusivo o aluguer de vivendas. Quérese así estimula-lo mercado inmobiliario de vivendas en aluguer e dar resposta á necesidade social de contar cun parque de vivendas en aluguer, hoxe moi limitado.

O réxime especial beneficiará a aqueles que ofrezan en aluguer vivendas que, polas súas dimensións e prezos de aluguer, vaian destinadas ós sectores de poder adquisitivo medio ou baixo, e concrétese nunha bonificación da cota impositiva que resulte da aplicación do réxime xeral. Desta bonificación beneficiaranse os rendementos obtidos na actividade de arrendamento de vivendas e as ganancias derivadas do seu alleamento, baixo determinadas condicións. A bonificación increméntase no suposto de vivendas alugadas que cumpren un maior papel social nos termos definidos pola norma, suposto que se complementa coa tributación da adquisición das ditas vivendas ó tipo superreducido do imposto sobre o valor engadido.

O título III introduce un conxunto de medidas de mellora da acción protectora da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos e de fomento da súa actividade.

Os puntos 3 e 4 do artigo 10 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, establecen como principio xeral a tendencia á máxima homoxeneidade dos réximes especiais con respecto ó réxime xeral, en función do que permitan as disponibilidades financeiras do sistema e as características dos distintos grupos afectados polos ditos réximes.

Nese sentido, en primeiro termo prevese, á opción do interesado, unha minoración temporal na cotización para os que se incorporan por vez primeira ó réxime especial de traballadores autónomos, no caso de menores de 30 anos de idade e de mulleres maiores de 45.

Adicionalmente, a exoneración de cotas prevista na actualidade para traballadores maiores de sesenta e cinco anos, que continúen no exercicio da súa actividade, incluídos no réxime especial de traballadores autónomos, faise extensiva ós traballadores por conta propia incluídos nos réximes especiais agrario e dos traballadores do mar.

Por outra parte, e co fin de dar efectividade á extensión da acción protectora dos traballadores incluídos no réxime especial de autónomos establecida na disposición adicional trixésimo cuarta do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, con respecto ás continxencias derivadas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, faise preciso introduci-los pertinentes acomodados na tarifa de primas vixente na actualidade.

A seguir, opérase unha ampliación dos efectos económicos do subsidio por incapacidade temporal para a totalidade dos traballadores por conta propia ou autónomos, dando cobertura ó período comprendido entre o cuarto e o décimo quinto día a partir da baixa, establecendo as correspondentes cotizacións adicionais. No caso de continxencias profesionais, a prestación nacerá a partir do día seguinte ó da baixa.

En materia de cotización, procédese a iguala-las bases e tipos de cotización dos traballadores por conta propia do réxime especial agrario cos do réxime especial dos traballadores autónomos, aínda que, para mitigar no posible o impacto económico que podería orixina-la aplica-

ción íntegra desta medida con carácter inmediato, establécese un período transitorio durante o cal se aplicarán minoracións progresivamente decrecentes no tipo de cotización.

En canto ós traballadores por conta propia do réxime especial agrario, efectúase unha reformulación do requisito de medio fundamental de vida pola realización de labores agrarios, delimitándoo de modo que a concorrencia ou non de tal requisito non quede condicionada á magnitude dos ingresos percibidos en cada caso, medida que facilitará a incorporación da muller que realiza labores agrarios ó citado réxime especial.

No atinente ó cálculo das pensións, modifícase o réxime xurídico aplicable ás situacións en que un traballador estea incluído, do forma simultánea, en dous réximes da Seguridade Social.

Finalmente, establécense bonificacións do 100 por cento nas cotas empresariais por continxencias comúns respecto á cotización de traballadoras que se reincorporen ó seu traballo trala maternidade e ampliáanse as bonificacións existentes na actualidade pola contratación temporal de mulleres minusválidas. Así mesmo, ampliáanse as posibilidades de capitalización da prestación por desemprego en caso de incorporación a cooperativas ou sociedades laborais.

Esta lei procede do Real decreto lei 2/2003, do 25 de abril, de medidas de reforma económica, posto que, tal como veu ocorrendo desde longo tempo no ámbito sociolaboral, tamén nesta ocasión se fixo preciso inicialmente recorrer á fórmula do real decreto lei, en razón da urxencia que se aprecia para a posta en práctica de ampliacións e melloras da acción protectora, algunhas das cales están previstas en normas que entraron xa en vigor o 1 de xaneiro de 2003, así como para facer posible que outras medidas beneficiosas para os traballadores por conta propia e para as traballadoras nos supostos de maternidade e, así mesmo, incentivadoras da actividade profesional e do emprego deles, teñan tamén unha pronta efectividade.

O título IV, pola súa banda, recolle unha serie de medidas de carácter tributario e de reforma estrutural orientadas ó fomento do investimento en determinadas áreas e á mellora da eficiencia productiva.

En primeiro lugar, para incrementa-las disponibilidades de capital das empresas, ofrécese a posibilidade de aumenta-lo ritmo de amortización, elevando nun 10 por cento os coeficientes máximos de amortización fixados nas táboas autorizadas para os contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto sobre sociedades. A medida introdúcese con carácter temporal, como corresponde á finalidade estimuladora que persegue, e sen prexuízo dunha futura revisión das táboas oficiais de amortización.

En segundo lugar, avánzase na liña xa emprendida de estimular fiscalmente os que participan de maneira activa na mellora do medio. Así, a dedución por investimentos en adquisición de bens novos destinados ó aproveitamento de enerxías renovables pasa a ser aplicable por calquera entidade, eliminando a actual limitación a favor das entidades de reducida dimensión. Esta novidade aprovéitase para reorganiza-las deducións por investimentos en defensa ou protección do medio no imposto sobre sociedades, que se agrupan nun novo artigo da lei do dito tributo.

En terceiro lugar, e na mesma liña de potenciación do uso das enerxías renovables, habilitáanse os concellos, no marco da normativa reguladora das facendas locais, para estableceren unha bonificación na cota do imposto sobre bens inmobles polas instalacións de sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía pro-

veniente do sol para consumo dos titulares da vivenda ou dos seus ocupantes.

Para seguir promovendo o desenvolvemento da sociedade da información, esténdese o ámbito obxectivo da deducción por actividades de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica, do modo que tamén poderá aplicarse ás actividades de xeración de «software» avanzado que faciliten o acceso de persoas discapacitadas ós servizos da sociedade da información, o que mellorará a integración social e laboral destas persoas e contribuirá a reactiva-la demanda deste tipo de produtos.

Con obxecto de seguir perfeccionando o modelo español de defensa da competencia en materia de control de concentracións, resulta oportuno establece-la publicidade inmediata do informe-dictame do Tribunal de Defensa da Competencia desde o momento da súa recepción polo ministro de Economía para a súa elevación ó Goberno. Con iso, o dictame do principal órgano consultivo en materia de control de concentracións será coñecido antes da decisión final por parte do Consello de Ministros, mellorando a transparencia, eficacia e predictibilidade deste instrumento tan importante na vixilancia da competencia.

Outro dos ámbitos que requiren de urxente actuación constitúe o mercado hipotecario, que gracias ó seu intenso desenvolvemento facilitou o acceso de moitas familias a unha vivenda en propiedade. Non obstante, resulta conveniente adoptar medidas para promove-la competencia e tempera-la exposición dos prestameiros ós riscos de tipos de xuro, propios do mercado financeiro. Para iso, avánzase en facilitar e abarata-las operacións de novación e subrogación hipotecaria e promóvese o desenvolvemento e difusión de novos produtos de seguranza dos riscos de tipos de xuros.

TÍTULO I

Medidas de apoio ás pequenas e medianas empresas

Artigo primeiro. *Conta aforro-empresa.*

Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias:

Un. Modifícase o punto 1 do artigo 54, que queda redactado da seguinte maneira:

«1. A cota líquida estatal do imposto será o resultado de diminuí-la cota íntegra estatal na suma de:

- a) A deducción por investimento en vivenda habitual prevista no artigo 55.1 desta lei.
- b) O 67 por cento do importe total das deduccións previstas nos puntos 2, 3, 4, 5 e 6 do artigo 55 desta lei.»

Dous. Engádese un punto 6 ó artigo 55, que queda redactado da seguinte maneira:

«6. Deducción por conta aforro-empresa.

Os contribuíntes poderán aplicar unha deducción polas cantidades que se depositen en entidades de crédito, en contas separadas de calquera outro tipo de imposición, destinadas á constitución dunha sociedade nova empresa regulada no capítulo XII da Lei 2/1995, do 23 de marzo, de socie-

dades de responsabilidade limitada, conforme os seguintes requisitos e circunstancias:

1.º O saldo da conta aforro-empresa deberá destinarse á subscrición como socio fundador das participacións da sociedade nova empresa.

Pola súa banda, a sociedade nova empresa, no prazo máximo dun ano desde a súa válida constitución, deberá destina-los fondos achegados polos socios que se acollesen á deducción:

- a) Á adquisición de inmaterializado material e inmaterial exclusivamente afecto á actividade, nos termos previstos no artigo 27 desta lei.
- b) A gastos de constitución e de primeiro establecemento.
- c) A gastos de persoal empregado con contrato laboral.

En todo caso, a sociedade nova empresa deberá contar, antes da finalización do prazo indicado con, polo menos, un local exclusivamente destinado a leva-la xestión da súa actividade e unha persoa empregada con contrato laboral e a xornada completa.

Entenderase que non se cumpriu o previsto neste punto cando a sociedade nova empresa desenvolva as actividades que se exercen anteriormente baixo outra titularidade.

2.º A base máxima desta deducción será de 9.000 euros anuais e estará constituída polas cantidades depositadas en cada período impositivo ata a data da subscrición das participacións da sociedade nova empresa.

3.º A porcentaxe de deducción aplicable sobre a base de deducción a que se refire o punto 2.º anterior será do 15 por cento.

4.º A sociedade nova empresa deberá manter durante polo menos os dous anos seguintes ó inicio da actividade:

- a) A actividade económica en que consista o seu obxecto social, non podendo reunir no dito prazo os requisitos para te-la consideración de sociedade patrimonial.
- b) Polo menos, un local exclusivamente destinado a leva-la xestión da súa actividade e unha persoa empregada con contrato laboral e a xornada completa.
- c) Os activos en que se materializase o saldo da conta aforro-empresa, que deberán permanecer en funcionamento no patrimonio afecto da nova empresa.

5.º Perderase o dereito á deducción:

- a) Cando o contribuínte dispoña de cantidades depositadas na conta aforro-empresa para fins diferentes da constitución da súa primeira sociedade nova empresa. En caso de disposición parcial entenderase que as cantidades dispostas son as primeiras depositadas.
- b) Cando transcorran catro anos, a partir da data en que foi aberta a conta, sen que se inscribise no Rexistro Mercantil a sociedade nova empresa.
- c) Cando se transmitan "inter vivos" as participacións dentro do prazo previsto no punto 4.º anterior.
- d) Cando a sociedade nova empresa non cumpra as condicións que determinan o dereito a esta deducción.

m

6.º Cando, en períodos impositivos posteriores ó da súa aplicación, se perda o dereito, en todo ou en parte, ás deducións practicadas, o contribuínte estará obrigado a sumar á cota líquida estatal e á cota líquida autonómica ou complementaria devengadas no exercicio en que se incumprisen os requisitos as cantidades indebidamente deducidas, máis os xuros de demora a que se refire o artigo 58.2.c) da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria.

7.º Cada contribuínte só poderá manter unha conta aforro-empresa e unicamente terá dereito á dedución pola primeira sociedade nova empresa que constitúa.

8.º As contas aforro-empresa deberán identificarse nos mesmos termos que os establecidos para o caso das contas vivenda.»

Tres. Modifícase o punto 1 do artigo 57, que queda redactado da seguinte maneira:

«1. A aplicación da dedución por investimento en vivenda e da dedución por conta aforro-empresa requirirá que o importe comprobado do patrimonio do contribuínte ó finaliza-lo período da imposición exceda do valor que dese a súa comprobación ó comezo daquel polo menos na contía dos investimentos realizados, sen computalos xuros e demais gastos de financiamento.»

Catro. Modifícase o punto 1 do artigo 64, que queda redactado da seguinte maneira:

«1. A cota líquida autonómica ou complementaria será o resultado de diminuí-la cota íntegra autonómica ou complementaria na suma:

a) Do tramo autonómico da dedución por investimento en vivenda habitual prevista no artigo 64 bis desta lei, cos límites e requisitos de situación patrimonial establecidos no seu artigo 57.

b) Do 33 por cento do importe total das deducións previstas nos puntos 2, 3, 4, 5 e 6 do artigo 55 desta lei, cos límites e requisitos de situación patrimonial previstos nos seus artigos 56 e 57.

c) Do importe das deducións establecidas pola comunidade autónoma no exercicio das competencias previstas na Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía.»

Cinco. Modifícase o punto 4 do artigo 79, que queda redactado da seguinte maneira:

«4. Estarán obrigados a declarar en todo caso os contribuíntes que teñan dereito a dedución por investimento en vivenda, por conta aforro-empresa, por dobre imposición internacional ou que realicen achegas a plans de pensións, plans de previsión asegurados ou mutualidades de previsión social que reduzan a base imponible, nas condicións que se establezan regulamentariamente.»

Seis. Engádese unha nova alínea f) ó punto 2 do artigo 87, coa seguinte redacción:

«f) Para as entidades de crédito, en relación ás cantidades depositadas nelas en concepto de contas vivenda e contas aforro-empresa. Para estes efectos, os contribuíntes deberán identificar ante

a entidade de crédito as contas destinadas a eses fins.»

Artigo segundo. Empresas de reducida dimensión.

Con efectos para os períodos impositivos iniciados a partir do 27 de abril de 2003, modifícase o punto 1 do artigo 122 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, que queda redactado da seguinte maneira:

«1. Os incentivos fiscais establecidos neste capítulo aplicaranse sempre que o importe neto da cifra de negocios habida no período impositivo inmediato anterior sexa inferior a 6 millóns de euros.»

TÍTULO II

Fomento do arrendamento de vivendas

Artigo terceiro. Réxime fiscal de entidades dedicadas ó arrendamento de vivendas.

Un. Con efectos para os períodos impositivos iniciados a partir do 27 de abril de 2003, engádese un capítulo III no título VIII da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, que queda redactado da seguinte maneira:

«CAPÍTULO III

Entidades dedicadas ó arrendamento de vivendas

Artigo 68 quáter. Ámbito de aplicación.

1. Poderán acollerse ó réxime previsto neste capítulo as sociedades que teñan por obxecto social exclusivo o arrendamento de vivendas situadas en territorio español. Esta exclusividade será compatible co investimento en locais de negocio e prazas de garaxe para o seu arrendamento, sempre que o seu valor contable conxunto non exceda do 20 por cento do valor contable total dos investimentos en vivenda da entidade.

Para estes efectos, unicamente se entenderá por arrendamento de vivenda o definido no artigo 2 da Lei 29/1994, do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos, sempre que se cumpran os requisitos e condicións establecidos na dita lei para os contratos de arrendamento de vivendas.

2. A aplicación do réxime fiscal especial regulado neste capítulo requirirá o cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Que o número de vivendas arrendadas ou ofrecidas en arrendamento pola entidade sexa en todo momento igual ou superior a dez. O valor contable do conxunto das vivendas adquiridas pola entidade en fase de construción, incluídas as compradas sobre plano, non poderá exceder do 20 por cento do valor contable total das vivendas da entidade.

b) Que polo menos un tercio das vivendas arrendadas incorporen no contrato de arrendamento unha opción de compra da vivenda a favor do arrendatario. O recoñecemento da opción non deberá supor para o arrendatario o aboamento de contraprestación ningunha e deberá especificalo prezo de exercicio da propia opción, exercicio que será sempre facultativo. En ningún caso poderá esti-

pularse que o non exercicio do dereito de prórroga do contrato de arrendamento durante os cinco primeiros anos ou a falta de exercicio do dereito de opción determine para o arrendatario a obriga de aboar indemnización ningunha ó arrendador.

c) No caso de que as vivendas arrendadas ou ofrecidas en arrendamento pola entidade non estean cualificadas como de protección oficial ou declaradas protexidas deberán cumprirse, ademais, os seguintes requisitos:

Primeiro.—Que as vivendas sexan adquiridas pola entidade a valor de mercado e que non teñan no momento da súa compra unha antigüidade superior a tres anos desde a finalización da súa construción ou desde a rehabilitación integral do edificio en que se atopen. Para estes efectos, entenderase por rehabilitación integral de edificios o sinalado no artigo 37 do Real decreto 1/2002, do 11 de xaneiro, sobre medidas de financiamento de actuacións protexidas en materia de vivenda e solo do Plan 2002-2005, ou a normativa que o substitúa.

No caso de vivendas xa adquiridas no momento de se acoller ó réxime, a antigüidade computarase na data de inicio do período impositivo en que se comunique a opción polo réxime.

Segundo.—Que a superficie construída de cada vivenda non exceda de 110 metros cadrados, podendo chegar ata un máximo de 135 metros cadrados no 20 por cento do total das vivendas xestionadas baixo este réxime por cada entidade. O arrendamento poderá incluír un máximo de dúas prazas de garaxe e os anexos situados no mesmo edificio, excluídos os locais de negocio, sempre que uns e outros se arrenden conxuntamente coa vivenda.

Terceiro.—Que durante os cinco primeiros anos de vixencia do contrato de arrendamento, a actualización anual da renda regulada no punto 1 do artigo 18 da Lei 29/1994 se realice aplicando, como máximo, a variación porcentual experimentada polo índice xeral nacional do sistema de índices de prezos de consumo nun período de doce meses inmediatamente anteriores á data de cada actualización reducida en 0,75 puntos porcentuais.

Cuarto.—Que o dereito de opción recoñecido ó arrendatario, de conformidade co previsto na alínea b) anterior, sexa exercible dentro dos seis meses anteriores á data de finalización do arrendamento. En todo caso, o exercicio da dita opción terá efecto ó día seguinte da finalización do arrendamento, salvo que as partes, de común acordo, pacten outra data.

d) No caso de que as vivendas arrendadas ou ofrecidas en arrendamento pola entidade estean cualificadas como de protección oficial ou declaradas protexidas, que o dereito de opción recoñecido ó arrendatario de conformidade co previsto na alínea b) anterior sexa exercible no prazo máximo de seis meses, contados unha vez transcorrido o prazo de protección establecido na normativa estatal ou autonómica correspondente, sempre que o contrato de arrendamento siga vixente. Para tal efecto, o arrendatario poderá prorrogalo contrato durante os ditos seis meses adicionais.

3. A opción por este réxime deberá comunicarse á Administración tributaria. O réxime fiscal especial aplicarase no período impositivo que finalice con posterioridade á dita comunicación e nos sucesivos que conclúan antes de que se comunique á Administración tributaria a renuncia ó réxime.

Regulamentariamente poderanse establecer os requisitos da comunicación e o contido da información para subministrar con ela.

4. Cando á entidade lle resulte de aplicación calquera dos restantes réximes especiais previstos neste título VIII, excepto o de transparencia fiscal internacional, e o das fusións, escisións, achegas de activo e troco de valores, non poderá optar polo réxime regulado neste capítulo III, sen prexuízo do establecido no parágrafo seguinte.

As entidades ás que, de acordo co establecido no artigo 122 desta lei, lles sexan de aplicación os incentivos fiscais para as empresas de reducida dimensión previstos no capítulo XII deste título VIII, poderán optar entre aplica-los ditos incentivos ou aplica-lo réxime regulado neste capítulo III.

5. A aplicación do réxime regulado neste capítulo III será incompatible coa dedución por reinvestimento de beneficios extraordinarios prevista no artigo 36 ter desta lei.

Artigo 68 quinquies. *Bonificacións.*

1. As entidades que cumpran os requisitos previstos no artigo anterior poderán aplica-las seguintes bonificacións na cota íntegra:

a) O 85 por cento da parte da cota íntegra que corresponda ás rendas derivadas do arrendamento ou da transmisión de vivendas que cumpran os requisitos do artigo anterior.

Nos casos de transmisión das vivendas deberá cumprirse, ademais, o seguinte:

Que fosen arrendadas pola entidade durante polo menos cinco anos no caso das vivendas a que se refire o punto primeiro anterior e, polo menos no prazo de protección establecido na normativa estatal ou autonómica correspondente, no caso das vivendas a que se refire o punto segundo anterior.

Que o importe obtido se reinvesta, no prazo de tres anos desde a transmisión, noutras vivendas que cumpran os requisitos establecidos no artigo anterior.

b) O 97 por cento da parte da cota íntegra que corresponda ás rendas derivadas do arrendamento ou da transmisión de vivendas cando, ademais dos requisitos do artigo anterior, se cumpran os seguintes:

Primeiro.—No caso de que as vivendas arrendadas ou ofrecidas en arrendamento pola entidade non estean cualificadas como de protección oficial ou declaradas protexidas:

Que a renda anual inicial que deba satisfacerlo arrendatario non exceda do resultado de aplicar un catro por cento ó prezo legal máximo de venda das vivendas protexidas en arrendamento, calculado segundo estableza a normativa en cada momento vixente dos plans estatais de vivenda.

Que o contrato de arrendamento incorpore a opción de compra de acordo co previsto nas alíneas b) e c) do punto 2 do anterior artigo.

Segundo.—No caso de que as vivendas arrendadas ou ofrecidas en arrendamento pola entidade estean cualificadas como de protección oficial ou declaradas protexidas, que o contrato de arrendamento incorpore unha opción de compra de acordo co previsto na alínea d) do punto 2 do artigo anterior.

m

Nos casos de transmisión das vivendas deberá cumprirse, ademais, o seguinte:

Que fosen arrendadas pola entidade durante polo menos cinco anos no caso das vivendas a que se refire o punto primeiro anterior e, polo menos no prazo establecido na normativa aplicable para poder ofrecer en venda as vivendas ós arrendatarios, no caso das vivendas a que se refire o punto segundo anterior.

Que o importe obtido se reinvesta, no prazo de tres anos desde a transmisión, noutras vivendas que cumpran os requisitos establecidos no artigo anterior.

2. A renda para bonificar derivada do arrendamento estará integrada para cada vivenda polo ingreso íntegro obtido, minorado nos gastos directamente relacionados coa obtención do dito ingreso e na parte dos gastos xerais que correspondan proporcionalmente ó citado ingreso.

3. As bonificacións previstas no punto 1 deste artigo serán incompatibles entre si para as mesmas rendas e practicaranse unha vez aplicadas, se é o caso, as restantes bonificacións reguladas na normativa deste imposto.

4. Ós socios das entidades que opten polo réxime regulado neste capítulo seralles de aplicación a dedución para evita-la dobre imposición regulada no punto 1 do artigo 28 desta lei para os casos de distribución de beneficios e transmisión das participacións.»

Dous. Modifícase a alínea b) do punto 1 do artigo 23 da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, que queda redactado da seguinte maneira:

«b) Os rendementos íntegros a que se refire a alínea a) anterior, en canto procedan de entidades residentes en territorio español, multiplicaranse polas seguintes porcentaxes:

1.º 140 por cento con carácter xeral.

2.º 125 por cento, cando procedan das entidades a que se refire o artigo 26.2 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades.

3.º 100 por cento, cando procedan das entidades a que se refire o artigo 26.5 e 6 da Lei 43/1995, das entidades acollidas ó réxime especial regulado no capítulo III do título VIII da Lei 43/1995, das cooperativas protexidas e especialmente protexidas reguladas pola Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre réxime fiscal das cooperativas, da distribución da prima de emisión e das operacións descritas nos ordinais 3.º e 4.º da alínea a) anterior.

Así mesmo, aplicarase a porcentaxe do 100 por cento ós rendementos que correspondan a beneficios que tributasen ós tipos previstos no punto 8 do artigo 26 da Lei 43/1995. Para estes efectos, considerarase que os rendementos percibidos proceden en primeiro lugar dos ditos beneficios.

Tamén se aplicará a porcentaxe do 100 por cento ós rendementos que correspondan a valores ou participacións adquiridas dentro dos dous meses anteriores á data en que aqueles se satisfixesen cando, con posterioridade a esta data, dentro do mesmo prazo, se produza unha transmisión de valores homoxéneos. No caso de valores ou participacións non admitidos a negociación nalgún dos mercados secundarios oficiais de valores definidos

na Directiva 93/22/CEE do Consello, do 10 de maio de 1993, o prazo será dun ano.»

Artigo cuarto. *Tipo do imposto sobre o valor engadido aplicable ás adquisicións das vivendas destinadas a arrendamento.*

Modifícase o ordinal 6.º do punto dous.1 do artigo 91 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, que queda redactado da seguinte maneira:

«6.º As vivendas cualificadas administrativa-mente como de protección oficial de réxime especial ou de promoción pública, cando as entregas sexan efectuadas polos promotores delas, incluídos os garaxes e anexos situados no mesmo edificio que se transmitan conxuntamente. Para estes efectos, o número de prazos de garaxe non poderá exceder de dúas unidades.

As vivendas que sexan adquiridas polas entidades que apliquen o réxime especial previsto no capítulo III do título VIII da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, sempre que ás rendas derivadas do seu posterior arrendamento lles sexa aplicable a bonificación establecida na alínea b) do punto 1 do artigo 68 quinquies da citada lei. Para estes efectos, a entidade adquirente comunicará esta circunstancia ó suxeito pasivo con anterioridade ó devengo da operación na forma que se determine regulamentariamente.»

TÍTULO III

Mellora da acción protectora da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos e de fomento da súa actividade

Artigo quinto. *Reducción na base de cotización para os mozos e mulleres de nova incorporación no réxime especial de traballadores autónomos.*

Agrégase unha nova disposición adicional, a trixésimo quinta, ó texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, nos termos seguintes:

«Disposición adicional trixésimo quinta. *Reducción na base de cotización dos novos traballadores incluídos no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos.*

No suposto de que no momento da alta inicial no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos os traballadores teñan 30 ou menos anos de idade, a base de cotización será a elixida por eles entre o 75 por cento da base mínima e ata a contía da base máxima, fixadas na Lei de orzamentos xerais do Estado en cada exercicio e durante os tres anos inmediatamente seguintes á data de efectos da dita alta.

O previsto no parágrafo anterior será igualmente de aplicación ás mulleres que no momento da alta inicial no citado réxime especial teñan 45 ou máis anos.

Nos supostos previstos anteriormente, e para efectos do cálculo da base reguladora das corres-

pondentes prestacións, tomaranse en conta as bases sobre as que efectivamente se cotizase.»

Artigo sexto. *Exoneración de cotas da Seguridade Social respecto dos traballadores por conta propia con sesenta e cinco ou máis anos.*

A disposición adicional trixésimo segunda do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, queda redactada nos termos seguintes:

«Disposición adicional trixésimo segunda. *Exoneración de cotas respecto dos traballadores por conta propia con 65 ou máis anos.*

1. Os traballadores por conta propia incluídos no campo de aplicación dos réximes especiais agrario, dos traballadores do mar e de traballadores por conta propia ou autónomos quedarán exentos de cotizar á Seguridade Social salvo, se é o caso, por incapacidade temporal e por continxencias profesionais, no suposto de ter feitos 65 ou máis anos de idade e acreditar 35 ou máis anos de cotización efectiva á Seguridade Social, sen que se computen para estes efectos as partes proporcionais de pagas extraordinarias. Se ó facer 65 anos de idade o traballador non reunise o requisito esixido, a citada exención será aplicable a partir da data en que se acredite este.

2. Polos períodos de actividade en que o traballador non efectuase cotizacións, nos termos previstos no punto anterior, para efectos de determina-la base reguladora das prestacións excluídas de cotización, as bases de cotización correspondentes ás mensualidades de cada exercicio económico exentas de cotización serán equivalentes ó resultado de incrementa-la media das bases de cotización do ano natural inmediatamente anterior na porcentaxe de variación media coñecida do IPC no último ano indicado, sen que as bases así calculadas poidan ser inferiores ás contías das bases mínimas ou únicas de cotización fixadas anualmente na Lei de orzamentos xerais do Estado para os traballadores por conta propia incluídos nos réximes especiais da Seguridade Social a que se refire o punto anterior.»

Artigo sétimo. *Epígrafes de cotización por continxencias profesionais dos traballadores incluídos no réxime especial de traballadores autónomos.*

Un. O artigo primeiro e o anexo 2 do Real decreto 2930/1979, do 29 de decembro, polo que se revisa a tarifa de primas para a cotización á Seguridade Social por accidentes de traballo e enfermidades profesionais, quedan redactados nos termos seguintes:

«Artigo primeiro.

A cotización dos empresarios á Seguridade Social e, se é o caso, dos traballadores incluídos no réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos, para a cobertura das continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, nas distintas actividades económicas, levarase a cabo mediante a aplicación das tarifas e das normas que figuran como anexos deste real decreto.»

ANEXO 2

Tipos e epígrafes de cotización por continxencias profesionais en actividades dos traballadores incluídos no réxime especial de traballadores autónomos

Tipos de cotización aplicables

Epígrafe	Tipos de cotización aplicables (%)		
	I.T.	I.M.S.	Total
01	0,65	0,55	1,20
02	0,95	0,70	1,65
03	1,25	1,00	2,25
04	1,40	1,25	2,65
05	2,00	2,55	4,55
06	3,65	3,60	7,25
07	4,00	4,95	8,95

Epígrafes de cotización por continxencias profesionais

Traballadores do réxime especial de autónomos que realicen as seguintes actividades

		Epígrafe
01	Agricultura, gandería, caza e actividades dos servizos relacionados con elas:	
011.a	Producción agrícola (en explotación propia, sen servizos a terceiros).	03
011.b	Producción agrícola con servizos a terceiros	05
012.a	Producción gandeira (en explotación propia, sen servizos a terceiros).	04
012.b	Producción gandeira con servizos a terceiros	05
013.a	Producción agrícola combinada coa produción gandeira (en explotación propia, sen servizos a terceiros)	04
013.b	Producción agrícola combinada coa produción gandeira con servizos a terceiros	05
015	Caza, captura de animais e repoboación cinexética, incluídas as actividades dos servizos relacionados con elas	05
02	Silvicultura, explotación forestal e actividades dos servizos relacionados con elas ...	05
05	Pesca, acuicultura e actividades dos servizos relacionados con elas	05
10	Extracción e aglomeración de antracita, hulla, lignito e turba	07
11	Extracción de crus de petróleo e gas natural; actividades dos servizos relacionados coas explotacións petrolíferas e de gas, excepto actividades de prospección	07
13	Extracción de minerais metálicos	07
14	Extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos:	
141	Extracción de pedra	07
142	Extracción de areas e arxilas	06

		Epígrafe			Epígrafe
143	Extracción de minerais para fertilizantes e produtos químicos	06	203	Fabricación de estruturas de madeira e pezas de carpintería e ebanistería para a construción ...	06
144	Producción de sal	06	204	Fabricación de envases e embalaxes de madeira	06
145	Extracción doutros minerais non metálicos nin enerxéticos	06	205	Fabricación doutros produtos de madeira. Fabricación de produtos de cortiza, cestería e espartería ...	05
15	Industria de produtos alimenticios e bebidas:		21	Industria do papel:	
151	Industria cárnica	06	211	Fabricación de pasta papeleira, papel e cartón	05
152	Elaboración e conservación de peixes e produtos a base de peixe. Preparación e conservación de froitas e hortalizas	06	212	Fabricación de artigos de papel e cartón	04
153	Preparación e conservación de froitas e hortalizas	05	22	Edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados	05
154	Fabricación de graxas e aceites (vexetais e animais)	05	23	Coquerías, refinación de petróleo e tratamento de combustibles nucleares	07
155	Industrias lácteas	05	24	Industria química	05
156	Fabricación de produtos da moenda, amidóns e produtos amiláceos	05	25	Fabricación de produtos de caucho e materias plásticas	05
157	Fabricación de produtos para a alimentación animal	05	26	Fabricación doutros produtos minerais non metálicos:	
158	Fabricación doutros produtos alimenticios	05	261	Fabricación de vidro e produtos de vidro	05
159	Elaboración de bebidas	05	262	Fabricación de produtos cerámicos non refractarios excepto os destinados á construción; fabricación de produtos cerámicos refractarios	05
16	Industria do tabaco	05	263	Fabricación de azulexos e baldosas de cerámica	06
17	Industria textil:		264	Fabricación de ladrillos, tellas e produtos de terras cocidas para a construción	06
171	Preparación e fiadura de fibras téxtiles	04	265	Fabricación de cemento, cal e xeso. Fabricación de elementos de formigón, xeso e cemento	06
172	Fabricación de tecidos téxtiles	03	266	Fabricación de elementos de formigón, xeso e cemento	06
173	Acabamento de téxtiles (tinguidura, branqueo, estampado)	04	267	Industria da pedra ornamental e para a construción	06
174	Fabricación doutros artigos confeccionados con téxtiles, excepto pezas de roupa de vestir (fabricación de mantas, roupas de cama e mesa, acolchados)	03	268	Fabricación de produtos minerais non metálicos diversos	05
175	Outras industrias téxtiles (alfombras, moquetas, cordas, cordeis, breimantes, redes)	03	27	Metalurxia:	
176	Fabricación de tecidos de malla ..	03	271	Fabricación de produtos básicos de ferro, aceiro e ferroalixes	07
177	Fabricación de artigos en tecidos de malla	03	272	Fabricación de tubaxes	07
18	Industria da confección e da peletería:		273	Outros procesos de primeira transformación do ferro e o aceiro	07
181	Confección de pezas de roupa de coiro (coiro, ante ou napa, produtos de imitación de coiro)	04	274	Producción e primeira transformación de metais preciosos e doutros metais non férreos	07
182	Confección de pezas de vestir en téxtiles e accesorios	03	275	Fundición de metais	07
183	Preparación e tinguidura de peles de peletería; fabricación de artigos de peletería	04	28	Fabricación de produtos metálicos, excepto maquinaria e equipamento:	
19	Preparación, curtume e acabamento do coiro: fabricación de artigos de marroquinería e viaxe; artigos de albartería, talartería e zapatería	04	281	Fabricación de elementos metálicos para a construción	07
20	Industria da madeira e da cortiza, excepto mobles; cestería e espartería:		282	Fabricación de cisternas, grandes depósitos e contedores de metal; fabricación de radiadores e caldeiras para calefacción central	07
201	Serradura e cepilladura da madeira; preparación industrial da madeira.	07	283	Fabricación de xeradores de vapor.	07
202	Fabricación de chapas, taboleiros contrachapados, listonados, de partículas aglomeradas, de fibras e outros taboleiros e paneis	07	284	Forxa, estampado e embutidura de metais; metalurxia de pos	06

	Epígrafe		Epígrafe		
285	Tratamento e revestimento de metais. Enxeñería mecánica xeral por conta de terceiros	06	332	Fabricación de instrumentos e aparellos de medida, verificación, control, navegación e outros fins, excepto equipamentos de control para procesos industriais	04
286	Fabricación de artigos de coitelaría e cubertos, ferramentas e ferraxe-ría	06	333	Fabricación de equipamento de control de procesos industriais ...	04
287	Fabricación de produtos metálicos diversos (arames, porlóns, parafusos, cadeas, artigos metálicos de enxoval doméstico), excepto mobles	06	334	Fabricación de instrumentos de óptica e de equipamento fotográfico	04
			335	Fabricación de reloxos	04
29	Industria da construción de maquinaria e equipamento mecánico:		34	Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques:	
291	Fabricación de máquinas, equipamento e material mecánico	06	341	Fabricación de vehículos de motor.	05
292	Fabricación doutra maquinaria, equipamento e material mecánico de uso xeral	06	342	Fabricación de carrocerías para vehículos de motor, de remolques e semirremolques	05
293	Fabricación de maquinaria agraria.	06	343	Fabricación de partes, pezas e accesorios non eléctricos para vehículos de motor e os seus motores	05
294	Fabricación de máquinas-ferramenta	05	35	Fabricación doutro material de transporte:	
295	Fabricación de maquinaria diversa para usos específicos	05	351	Construcción e reparación naval (inclúe desmantelamento naval) ..	07
296	Fabricación de armas e municións.	06	352	Fabricación de material ferroviario.	07
297	Fabricación de aparellos domésticos	05	353	Construcción aeronáutica e espacial	07
30	Fabricación de máquinas de oficina e equipamentos informáticos	05	354	Fabricación de motocicletas e bicicletas (vehículos para inválidos) ..	05
31	Fabricación de maquinaria e material eléctrico:		355	Fabricación doutro material de transporte	05
311	Fabricación de motores eléctricos, transformadores e xeradores	05	36	Fabricación de mobles; outras industrias manufactureiras:	
312	Fabricación de aparellos de distribución e control eléctricos	05	361	Fabricación de mobles (colchóns, cadeiras, mobles de oficina, cociña, baño, xardín)	05
313	Fabricación de fíos e cables eléctricos illados	05	362	Fabricación de artigos de xoiería, ourivería, pratería e artigos similares	04
314	Fabricación de acumuladores e pilas eléctricas	05	363	Fabricación de instrumentos musicais	04
315	Fabricación de lámpadas eléctricas e aparellos de iluminación ...	05	364	Fabricación de artigos de deporte.	04
316	Fabricación doutro equipamento eléctrico (equipamento eléctrico para motores e vehículos)	05	365	Fabricación de xogos e xoguetes.	04
32	Fabricación de material electrónico; fabricación de equipamento e aparellos de radio, televisión e comunicacións:		366	Outras industrias manufactureiras diversas (vasoiras, brochas, cepillos, bixutería)	04
321	Fabricación de válvulas, tubos e outros compoñentes electrónicos.	05	37	Reciclaxe	06
322	Fabricación de transmisores de radiodifusión e televisión e de aparellos para a radiotelefonía e radiotelegrafía con fíos	05	40	Producción e distribución de enerxía eléctrica, gas, vapor e auga quente:	
323	Fabricación de aparellos de recepción, gravación e reprodución de son e imaxe	05	401	Producción e distribución de enerxía eléctrica	05
33	Fabricación de equipamento e instrumentos médico-cirúrxicos, de precisión, óptica e relojería:		402	Producción de gas; distribución de combustibles gasosos por conductos urbanos, excepto gasoductos .	05
331	Fabricación de equipamento e instrumentos médico-cirúrxicos e de aparellos ortopédicos	04	403	Producción e distribución de vapor de auga quente	05
			41	Captación, depuración e distribución de auga	05
			45	Construcción:	
			451	Preparación de obras (demolición e movemento de terras, perforacións e sondaxes)	06

m

	Epígrafe		Epígrafe	
452	Construcción xeral de inmobles e obras de enxeñaría civil (tendidos eléctricos e liñas de telecomunicacións, cubertas e tellados, reparación de vías férreas, obras hidráulicas, montaxe de armazóns e estruturas metálicas)	06	55	Hostalería:
453	Instalacións de edificios e obras (eléctricas, climatización, fontanería)	06	551	Hoteis
454	Acabamento de edificios e obras (rebocadura, carpintería, acristalamiento e pintura)	06	552	Cámping e outros tipos de hospedaxes de curta duración (albergues xuvenís e refuxios de montaña, centro e colonias de vacacións) ...
455	Aluguer de equipamento de construción ou demolición dotado de operario	06	553	Restaurantes
50	Venda, mantemento e reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores; venda polo miúdo de combustible para vehículos de motor:		554	Establecementos de bebidas
501	Venda de vehículos de motor	03	555	Comedores colectivos e provisión de comidas preparadas
502	Mantemento e reparación de vehículos de motor	05	60	Transporte terrestre; transporte por canalizacións:
503	Venda de repostos e accesorios de vehículos de motor	03	601	Transporte por ferrocarril
504	Venda, mantemento e reparación de motocicletas e ciclomotores e dos seus recambios e accesorios ..	05	602	Outros tipos de transporte terrestre (regular de viaxeiros, taxi, discrecional, mercadorías por estrada, aluguer de camións con conductor, mudanzas):
505	Venda polo miúdo de carburantes para a automoción	05	602.a	Transporte pesado (en vehículos de máis de 6.000 kg) ...
51	Comercio por xunto e intermediarios do comercio, excepto de vehículos de motor e motocicletas	03	602.b	Transporte lixeiro (en vehículos ata 6.000 kg)
52	Comercio polo miúdo, excepto o comercio de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores; reparación de efectos persoais e utensilios domésticos:		61	Transporte marítimo, de cabotaxe e por vías de navegación interiores
521	Comercio polo miúdo en establecementos non especializados	02	62	Transporte aéreo e espacial
522	Comercio polo miúdo de alimentos, bebidas e tabaco en establecementos especializados	02	63	Actividades anexas ós transportes; actividades de axencias de viaxes:
523	Comercio polo miúdo de produtos farmacéuticos, artigos médicos, beleza e hixiene	02	631	Manipulación e depósito de mercadorías (almacenamento frigorífico, almacenamento de mercadorías perigosas, silos)
524	Outro comercio polo miúdo de artigos novos en establecementos especializados (têxtils, calzado, coiro, artigos para o lar, electrodomésticos, ferraxería, pintura, vidro, libros, periódicos, óptica, fotografía, xoiería, relojería, xoguetes) ...	02	63124	Outros depósitos almacenamento e descarga
525	Comercio polo miúdo de bens de segunda man, en establecementos (anticuarios)	02	632	Outras actividades anexas ós transportes terrestres, marítimo e aéreo (autoestradas de peaxe, aparcadoiros, servicios portuarios)
526	Comercio polo miúdo non realizado en establecementos (por correspondencia, mercados, venda domiciliaria)	03	633	Actividades das axencias de viaxes, operadores turísticos e outras actividades de apoio turístico
527	Reparación de efectos persoais e utensilios domésticos (calzado, artigos de coiro, aparellos domésticos eléctricos, reloxos, xoiería) ..	04	634	Organización do transporte de mercadorías
			64	Correos e telecomunicacións:
			64.a	Sen transporte
			64.b	Con recollida e transporte de mercadoría lixeira
			65	Intermediación financeira, excepto seguros e plans de pensións:
			65.a	Sen desprazamentos habituais
			65.b	Con desprazamentos habituais
			66	Seguros e plans de pensións, excepto seguridade social obrigatoria:
			66.a	Sen desprazamentos habituais
			66.b	Con desprazamentos habituais

	Epígrafe		Epígrafe		
67	Actividades auxiliares da intermediación financeira:		80	Educación:	
	67.a Sen desprazamentos habituais	01	801	Ensino primario sen desprazamento	01
	67.b Con desprazamentos habituais	03		Ensino primario con desprazamento	03
70	Actividades inmobiliarias:		802	Ensino secundario sen desprazamento	01
	701 Actividades inmobiliarias por conta propia (promoción inmobiliaria, compravenda)	03		Ensino secundario con desprazamento	03
	702 Aluguer de bens inmobiliarios por conta propia	03	803	Ensino superior sen desprazamento	01
	703 Actividades inmobiliarias por conta de terceiros (axentes da propiedade inmobiliaria, xestión e administración)	03		Ensino superior con desprazamento	03
71	Aluguer de maquinaria e equipamento sen operario, de efectos persoais e utensilios domésticos	03	804	Formación permanente e outras actividades de ensino	03
72	Actividades informáticas:			8041 Ensino das escolas de conducción e pilotaxe	05
	725 Mantemento e reparación de máquinas de oficina, contabilidade e equipamento informático	04		80423 Outras ensinanzas	05
73	Investigación e desenvolvemento	03	85	Actividades sanitarias e veterinarias, servizo social:	-
74	Outras actividades empresariais:			851 Actividades sanitarias (hospitalarias, médicas, odontolóxicas, servizo de ambulancias, laboratorios de análises clínicas)	05
	741 Actividades xurídicas, de contabilidade, rexistro de libros, auditoría, asesoría fiscal, estudos de mercado e realización de enquisas de opinión pública; consulta e asesoramento sobre dirección e xestión empresarial, xestión de sociedades	03		852 Actividades veterinarias	05
	742 Servizos técnicos de arquitectura e enxeñería e outras actividades relacionadas co asesoramento técnico	03		853 Actividades de servizos sociais (acollemento de anciáns, minusválidos, menores, servizos sociais a domicilio)	05
	743 Ensaos e análises técnicas	03	90	Actividades de saneamento público:	
	744 Publicidade (axencias e consultores, xestión de soportes publicitarios)	03		900 Actividades de saneamento público (depuración de augas residuais, rede de sumidoiros, limpeza de vías públicas)	05
	745 Selección e colocación de persoal (subministración de persoal)	03	91	Actividades asociativas:	
	746 Servizos de investigación e seguridade (vixilancia, protección e seguridade)	05		911 Actividades de organizacións empresariais, profesionais e patronais	02
	747 Actividades industriais de limpeza	05		912 Actividades sindicais	02
	748 Actividades empresariais diversas:			913 Actividades asociativas diversas (relixiosas, políticas, xuvenís)	02
	7481 Actividades de fotografía	04	92	Actividades recreativas, culturais e deportivas:	
	7482 Actividades de envasado e empaquetado por conta de terceiros	05		921 Actividades cinematográficas e de vídeo (producción, distribución e exhibición)	03
	74831 Actividades de secretaría e reprografía	04		922 Actividades de radio e televisión (producción, distribución e emisión)	03
	74832 Actividades de tradución	03		923 Outras actividades artísticas e de espectáculos (creación e interpretación artística e literaria)	03
	74833 Actividades anexas á distribución publicitaria	03		9233 Actividades de feiras e parques de atraccións	04
	7484 Outras actividades empresariais	03		924 Actividades de axencias de noticias	03
				925 Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras institucións culturais	03

		Epígrafe
926	Actividades deportivas	04
927	Actividades recreativas diversas ..	03
93	Actividades diversas de servicios persoais:	
930	Actividades diversas de servicios persoais:	
9301	Lavado, limpeza e tinguidura de pezas téxtiles e de pel	04
9302	Perruquería e outros tratamentos de beleza	03
9303	Pompas fúnebres e actividades relacionadas con elas	03
9304	Actividades de mantemento físico corporal	03
9305	Outras actividades de servicios persoais	03

Dous. As modificacións que, a partir do 27 de abril de 2003, puidesen realizarse respecto ás tarifas de primas a que se refire este artigo poderán efectuarse regulamentariamente conforme a normativa específica reguladora delas.

Artigo oitavo. *Ampliación da protección por incapacidade temporal para os traballadores por conta propia ou autónomos.*

Agrégase unha disposición adicional, a trixésimo sétima, ó texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, nos termos seguintes:

«Disposición adicional trixésimo sétima. *Ampliación da protección por incapacidade temporal para os traballadores por conta propia ou autónomos.*

Para os traballadores por conta propia ou autónomos, calquera que sexa o réxime especial da Seguridade Social en que se atopen encadrados, o nacemento da prestación económica por incapacidade temporal a que puidesen ter dereito producirase, nos termos e condicións que regulamentariamente se establezan, a partir do cuarto día da baixa na correspondente actividade, salvo nos supostos en que o interesado optase pola cobertura das continxencias profesionais, ou as teña cubertas de forma obrigatoria, e o subsidio se orixinase por causa dun accidente de traballo ou enfermidade profesional; nese caso a prestación nacerá a partir do día seguinte ó da baixa.»

Artigo noveno. *Cotización dos traballadores por conta propia do réxime especial agrario.*

Agrégase unha disposición adicional, a trixésimo sexta, ó texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, nos termos seguintes:

«Disposición adicional trixésimo sexta. *Cotización dos traballadores por conta propia do réxime especial agrario.*

1. Os traballadores incluídos na sección do censo do réxime especial agrario correspondente ós

traballadores por conta propia, a partir do 1 de xaneiro de 2004 deberán cotizar por continxencias comúns incluída, se é o caso, a mellora voluntaria da incapacidade temporal, conforme as bases e tipos fixados na respectiva Lei de orzamentos xerais do Estado e nas súas normas de desenvolvemento, para o réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos.

Así mesmo, e a partir do 1 de xaneiro de 2004, os traballadores a que se refire o parágrafo anterior deberán cotizar por continxencias profesionais, incluída, se é o caso, a mellora voluntaria da incapacidade temporal, conforme as bases establecidas na respectiva Lei de orzamentos xerais do Estado para o réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos e conforme os tipos que se determine na citada lei por tales continxencias para os traballadores por conta propia do réxime especial agrario.

2. A partir do 1 de xaneiro de 2004 as cotizacións dos traballadores por conta propia do réxime especial agrario, como consecuencia do establecido no punto anterior, determinaranse aplicando á base de cotización correspondente os tipos de cotización que resulten de aplicar ós tipos de cotización por continxencias comúns, establecidos na Lei de orzamentos xerais do Estado para o réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos e ós tipos de cotización por continxencias profesionais establecidos na mesma lei respecto dos traballadores por conta propia do réxime especial agrario, en ámbolos casos con exclusión dos correspondentes á mellora voluntaria da incapacidade temporal, os seguintes coeficientes:

Exercicio	Coficiente
2004	0,6159
2005	0,6729
2006	0,7300
2007	0,7525
2008	0,7750
2009	0,7975
2010	0,8200
2011	0,8425
2012	0,8650
2013	0,8875
2014	0,9100
2015	0,9325
2016	0,9550
2017	0,9775

A partir do 1 de xaneiro de 2018 a cotización correspondente a tales traballadores por continxencias comúns incluída, se é o caso, a mellora voluntaria da incapacidade temporal, será a establecida con carácter xeral para os traballadores incluídos no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos.

O ministro de Traballo e Asuntos Sociais fixará, en cada exercicio, o tipo de cotización aplicable como resultante de aplica-lo coeficiente correspondente ó dito exercicio, podendo ser determinado cun só decimal.

3. Os traballadores por conta propia incluídos no réxime especial agrario con anterioridade ó 1 de xaneiro de 2004 quedarán exceptuados do réxime de cotización previsto nos puntos anteriores,

salvo que opten por acollerse a el antes do 1 de outubro de cada exercicio.

Esta opción terá, en todo caso, carácter irrevogable e producirá efectos a partir do 1 de xaneiro do exercicio seguinte a aquel en que se exercese.»

Artigo décimo. *Delimitación do medio fundamental de vida para efectos de inclusión no réxime especial agrario e compatibilidade entre labores agrarios por conta propia e allea.*

Un. Modifícase a regra terceira da alínea b) do artigo 2 do texto refundido do réxime especial agrario, aprobado polo Decreto 2123/1971, do 23 de xullo, nos termos seguintes:

«Terceira. Cando o traballador, sexa ou non cónxuxe ou parente por consanguinidade ou afinidade ata o terceiro grao do titular dunha explotación familiar, dedique predominantemente a súa actividade na explotación familiar ou fóra dela a labores agrarios, en forma persoal e directa, presumirase que eles constitúen o seu medio fundamental de vida para efectos da inclusión neste réxime especial, sempre que da actividade agraria se obteñan ingresos para atender as súas propias necesidades ou, se é o caso, as da unidade familiar, aínda cando con carácter ocasional ou permanente realice outros traballos non especificamente agrarios, determinantes ou non da súa inclusión en calquera outro dos réximes do sistema da Seguridade Social.

Se o traballador agrario acreditase que realiza labores agrarios só ocasionalmente ou que estes non constitúen o seu medio fundamental de vida, quedará excluído do réxime especial agrario.»

Dous. O actual contido da regra terceira da alínea b) do artigo 2 do dito texto refundido pasa a constituí-la súa regra cuarta.

Tres. Adiciónase un parágrafo segundo ó artigo 6.º do texto refundido do réxime especial agrario, aprobado polo Decreto 2123/1971, do 23 de xullo, nos termos seguintes:

«Os traballadores agrarios que realicen a súa actividade indistintamente por conta propia e por conta allea figurarán inscritos na sección do censo correspondente ós traballadores por conta propia, ingresando as cotas fixas correspondentes a tal condición con independencia da cotización por xornadas reais e por continxencias profesionais a cargo do empresario.»

Artigo undécimo. *Efecto das cotizacións superpostas en varios réximes para as pensións da Seguridade Social.*

Agrégase unha disposición adicional, a trixésimo oitava, ó texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, nos termos seguintes:

«Disposición adicional trixésimo oitava. *Efecto das cotizacións superpostas en varios réximes para as pensións da Seguridade Social.*

Un. Cando se acrediten cotizacións a varios réximes e non se cause dereito a pensión a un deles, as bases de cotización acreditadas neste último en réxime de pluriactividade, poderán ser acumuladas ás do réxime en que se cause a pensión, exclusivamente para a determinación da base reguladora dela, sen que a suma das bases poida exce-

der do límite máximo de cotización vixente en cada momento.

Dous. Para os efectos da determinación da base reguladora da pensión de xubilación, para que poida efectuarse a acumulación das bases de cotización prevista no punto anterior, será preciso que se acredite a permanencia na pluriactividade durante os dez anos inmediatamente anteriores ó feito causante.

Noutro caso, acumularase a parte proporcional das bases de cotización que corresponda ó tempo realmente cotizado en réxime de pluriactividade dentro do período a que se refire o parágrafo anterior, na forma que determine o Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais.»

TÍTULO IV

Outras medidas

CAPÍTULO I

Investimento

Artigo duodécimo. *Coeficientes de amortización aplicables ás adquisicións de activos realizadas entre o 1 de xaneiro de 2003 e o 31 de decembro de 2004.*

Para as adquisicións de activos novos realizadas entre o 1 de xaneiro de 2003 e o 31 de decembro de 2004, os coeficientes de amortización lineais máximos establecidos nas táboas oficiais de coeficientes de amortización entenderanse substituídos, en tódalas mencións a eles realizadas, polo resultado de multiplicar aqueles por 1,1. O novo coeficiente será aplicable durante a vida útil dos activos novos adquiridos no período antes indicado.

CAPÍTULO II

Energías renovables

Artigo décimo terceiro. *Fomento de enerxías renovables.*

Con efectos para os períodos impositivos iniciados a partir do 27 de abril de 2003, introdúcense as seguintes modificacións na Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades:

Un. Modifícase o título do artigo 35, que queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 35. *Deducción por investimentos en bens de interese cultural, producións cinematográficas, edición de libros, sistemas de navegación e localización de vehículos, adaptación de vehículos para discapacitados e garderías para fillos de traballadores.*»

Dous. Suprímese o punto 4 do artigo 35.

Tres. Engádese un artigo 35 bis, que queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 35 bis. *Deduccións por investimentos ambientais.*

1. Os investimentos realizados en bens do activo material destinados á protección do medio consistentes en instalacións que eviten a contaminación atmosférica procedente de instalacións industriais, contra a contaminación de augas superficiais, subterráneas e mariñas para a redución, recuperación ou tratamento de residuos industriais para a mellora da normativa vixente nos ditos ámbitos

de actuación, darán dereito a practicar unha dedución na cota íntegra do 10 por cento dos investimentos que estean incluídos en programas, convenios ou acordos coa Administración competente en materia ambiental, quen deberá expedir a certificación da validación do investimento.

2. A dedución prevista no punto anterior tamén se aplicará no suposto de adquisición de novos vehículos industriais ou comerciais de transporte por estrada, só para aquela parte do investimento que regulamentariamente se determine que contribúe de maneira efectiva á redución da contaminación atmosférica.

3. Así mesmo, poderá deducirse da cota íntegra o 10 por cento dos investimentos realizados en bens de activo material novos destinadas ó aproveitamento de fontes de enerxías renovables consistentes en instalacións e equipamentos con calquera das finalidades que se citan a seguir:

a) Aproveitamento da enerxía proveniente do sol para a súa transformación en calor ou electricidade.

b) Aproveitamento, como combustible, de residuos sólidos urbanos ou de biomasa procedente de residuos de industrias agrícolas e forestais, de residuos agrícolas e forestais e de cultivos enerxéticos para a súa transformación en calor ou electricidade.

c) Tratamento de residuos biodegradables procedentes de explotacións gandeiras, de estacións depuradoras de augas residuais, de efluentes industriais ou de residuos sólidos urbanos para a súa transformación en biogás.

d) Tratamento de produtos agrícolas, forestais ou aceites usados para a súa transformación en biocarburantes (bioetanol ou biodiésel).

4. A parte do investimento financiada con subvencións non dará dereito a dedución.»

Artigo décimo cuarto. *Fomento do aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía proveniente do sol para autoconsumo.*

Engádese un punto 5 ó artigo 75 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, que queda redactado da seguinte maneira:

«5. As ordenanzas fiscais poderán regular unha bonificación de ata o 50 por cento da cota íntegra do imposto para os bens inmoebles destinados a vivendas en que se instalasen sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía proveniente do sol para autoconsumo. A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións para produción de calor inclúan colectores que dispoñan da correspondente homologación pola Administración competente. Os demais aspectos substantivos e formais desta bonificación especificaranse na ordenanza fiscal.»

CAPÍTULO III

Sociedade da información

Artigo décimo quinto. *Acceso das persoas discapacitadas ós servizos da sociedade da información.*

Con efectos para os períodos impositivos iniciados a partir do 27 de abril de 2003, modifícase a alínea a) do punto 1 do artigo 33 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, que queda redactada da seguinte maneira:

«a) Concepto de investigación e desenvolvemento.

Considerarase investigación a indagación orixinal planificada que persiga descubrir novos coñecementos e unha superior comprensión no ámbito científico e tecnolóxico, e desenvolvemento a aplicación dos resultados da investigación ou de calquera outro tipo de coñecemento científico para a fabricación de novos materiais ou produtos ou para o deseño de novos procesos ou sistemas de produción, así como para a mellora tecnolóxica substancial de materiais, produtos, procesos ou sistemas preexistentes.

Considerarase tamén actividade de investigación e desenvolvemento a materialización dos novos produtos ou procesos nun plano, esquema ou deseño, así como a creación dun primeiro prototipo non comercializable e os proxectos de demostración inicial ou proxectos piloto sempre que non se poidan converter ou utilizar para aplicacións industriais ou para a súa explotación comercial.

Así mesmo, considerarase actividade de investigación e desenvolvemento o deseño e elaboración do mostrario para o lanzamento de novos produtos. Para estes efectos, entenderase como lanzamento dun novo produto a súa introducción no mercado e como novo produto, aquel do cal a novidade sexa esencial e non simplemente formal ou accidental.

Tamén se considerará actividade de investigación e desenvolvemento a concepción de "software" avanzado, sempre que supoña un progreso científico ou tecnolóxico significativo mediante o desenvolvemento de novos teoremas e algoritmos ou mediante a creación de sistemas operativos e linguaxes novas, ou sempre que estea destinado a facilitarles ás persoas discapacitadas o acceso ós servizos da sociedade da información.

Non se inclúen as actividades habituais ou rutinarias relacionadas co "software".»

CAPÍTULO IV

Defensa da competencia

Artigo décimo sexto. *Publicidade dos informes do Tribunal de Defensa da Competencia.*

Modifícase o artigo 16.3 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, para que quede redactado como segue:

«3. O tribunal fará público o seu informe unha vez recibido este polo ministro de Economía e tras resolver, se é o caso, sobre os aspectos confidenciais do seu contido.»

CAPÍTULO V

Fomento da competencia no mercado hipotecario

Artigo décimo sétimo. *Modificación da Lei 2/1994, do 30 de marzo, sobre subrogación e modificación de préstamos hipotecarios.*

1. Dáselle a seguinte nova redacción ó artigo 4 da Lei 2/1994, do 30 de marzo, sobre subrogación e modificación de préstamos hipotecarios:

«Artigo 4. *Escritura.*

Na escritura de subrogación só se poderá pactar a modificación das condicións do tipo de xuro tanto ordinario como de demora inicialmente pactado ou vixente, a ampliación do prazo do préstamo, ou ambas.»

2. Dáselle a seguinte nova redacción ó número 2 do artigo 5 da Lei 2/1994, do 30 de marzo, sobre subrogación e modificación de préstamos hipotecarios:

«2. As novas condicións pactadas do tipo de xuro, do prazo, ou de ambos.»

3. Dáselle nova redacción ó artigo 9 da Lei 2/1994, do 30 de marzo, sobre subrogación e modificación de préstamos hipotecarios, que pasa a te-la seguinte redacción:

«Artigo 9. *Beneficios fiscais e honorarios rexistrados na novación modificadora de préstamos hipotecarios.*

Estarán exentas na modalidade gradual de "actos xurídicos documentados" as escrituras públicas de novación modificadora de préstamos hipotecarios pactados de común acordo entre acreedor e debedor, sempre que o acreedor sexa unha das entidades a que se refire o artigo 1 desta lei e a modificación se refira ás condicións do tipo de xuro inicialmente pactado ou vixente, á alteración do prazo do préstamo, ou a ambas.

Para o cálculo dos honorarios notariais e rexistrados do dito tipo de escrituras, tomarase como base a que resulte de aplicar á cifra do capital pendente de amortizar no momento da novación o diferencial entre o xuro do préstamo que se modifica e o xuro novo. No caso de novacións modificadoras referidas exclusivamente á alteración do prazo do préstamo, tomarase como base o 1 por 1.000 da cifra do capital pendente de amortizar no momento da novación.»

4. Introdúcese un novo artigo 10 na Lei 2/1994, do 30 de marzo, sobre subrogación e modificación de préstamos hipotecarios, co seguinte contido:

«Artigo 10. *Comisión por ampliación do prazo do préstamo.*

Nas novacións modificadoras que teñan por obxecto a ampliación do prazo do préstamo, a entidade acreedora non poderá percibir por comisión de modificación de condicións máis do 0,1 por cento da cifra de capital pendente de amortizar.»

Artigo décimo oitavo. *Aranceis rexistrados e notariais.*

Un. Nas subrogacións, con ou sen simultánea novación, e nas novacións modificadoras de préstamos hipotecarios acollidas á Lei 2/1994, do 30 de marzo, aplicaráselles ós dereitos previstos no punto 1 do número 2, «Documentos de contía», do anexo I do Real decreto 1426/1989, do 17 de novembro, polo que se aproba o arancel dos notarios, e ós previstos no número 2, «Inscripcións», do anexo I do Real decreto 1427/1989, do 17 de novembro, polo que se aproba o arancel dos rexistradores da propiedade, as seguintes reducións ou bonificacións, sen que resulten de aplicación as previstas nas citadas disposicións:

1.^a O 90 por cento se se trata de operacións que incorporen variación nas condicións de tipo de xuro, naqueles casos en que se pase dun sistema de tipo de xuro variable a un de tipo fixo.

2.^a O 75 por cento en calquera outra operación.

En todo caso, serán de aplicación os límites máximos dos dereitos arancelarios previstos na Lei 41/1980, do 5 de xullo, do medidas urxentes de apoio á vivenda, e as bonificacións ou reducións previstas na normativa especial.

Dous. As modificacións que, a partir do 27 de abril de 2003, puidesen realizarse respecto ós aranceis a que se refire este artigo poderán efectuarse regulamentariamente conforme a normativa específica reguladora deles.

Artigo décimo noveno. *Instrumentos de cobertura do risco de tipo de xuro dos préstamos hipotecarios.*

1. As entidades de crédito informarán os seus debedores hipotecarios cos que subscribisen préstamos a tipo de xuro variable, sobre os instrumentos, produtos ou sistemas de cobertura do risco de incremento do tipo de xuro que teñan dispoñibles. A contratación da citada cobertura non suporá a modificación do contrato de préstamo hipotecario orixinal.

2. As entidades a que se refire o punto anterior ofreceránlles ós que soliciten préstamos hipotecarios a tipo de xuro variable polo menos un instrumento, produto ou sistema de cobertura do risco de incremento do tipo de xuro.

As características do dito instrumento, produto ou sistema de cobertura faranse constar nas ofertas vinculantes e nos demais documentos informativos previstos nas normas de ordenación e disciplina relativas á transparencia de préstamos hipotecarios, dictadas ó abeiro do previsto no artigo 48.2 da Lei 26/1988, do 29 de xullo, de disciplina e intervención das entidades de crédito.

O disposto neste punto será de aplicación ás ofertas vinculantes previstas no artigo 2 da Lei 2/1994, do 30 de marzo, sobre subrogación e modificación de préstamos hipotecarios.

3. Os instrumentos de cobertura do risco do tipo de xuro a que se refire este artigo terán o seguinte tratamento no imposto sobre a renda das persoas físicas:

1.º O custo dos citados instrumentos de cobertura entenderase incluído na base máxima de dedución a que se refire o segundo parágrafo do artigo 55.1.1.º a) da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias.

2.º Estará exenta a renda derivada da aplicación dos citados instrumentos cando cubran exclusivamente o risco de tipo de xuro dun préstamo hipotecario destinado á adquisición da vivenda habitual do contribuínte. Nestes casos, para o cálculo da mencionada base máxima de dedución, os xuros satisfeitos polo contribuínte minoraranse nas cantidades obtidas pola aplicación do citado instrumento.

Artigo vixésimo. *Contratación a prazo de enerxía eléctrica.*

Un. Modifícase o punto 1.a) do artigo 16 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, que queda redactado da seguinte forma:

«a) Sobre a base do prezo ofertado ó operador do mercado polas distintas unidades de produción, a enerxía eléctrica retribuirase en función do prezo marxinal correspondente á oferta realizada pola última unidade de produción a entrada da cal no sistema fose necesaria para atender a demanda de enerxía eléctrica, do acordo co establecido no artigo 23 desta lei.

A enerxía eléctrica negociada a través dos mercados de contratación bilateral física ou a prazo

retribuírase sobre a base do prezo das operacións contratadas en firme nos mencionados mercados.

Este concepto retributivo definirase considerando, así mesmo, as perdas habidas na rede de transporte e os custos derivados das alteracións do réxime normal de funcionamento do sistema de ofertas.»

Dous. Modifícase o parágrafo primeiro do punto 1 do artigo 23 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, que queda redactado da seguinte forma:

«Os produtores de enerxía eléctrica efectuarán ofertas económicas de venda de enerxía, a través do operador do mercado, por cada unha das unidades de produción de que sexan titulares, cando non se acollesen a sistemas de contratación bilateral ou a prazo que polas súas características queden excluídos do sistema de ofertas.»

Tres. Modifícase o punto 4 do artigo 24 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, que queda redactado como segue:

«4. Regulamentariamente, regularanse diferentes modalidades de contratación. En particular regularase a existencia de contratos de compravenda a prazo de enerxía eléctrica, contratos de carácter financeiro que teñan como subxacente a enerxía eléctrica, así como contratos bilaterais realizados directamente entre os consumidores e os produtores, entre os produtores e os comercializadores e entre os comercializadores entre si. Todos estes contratos estarán exceptuados do sistema de ofertas.»

Catro. Engádese un novo punto 5 ó artigo 24 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, coa seguinte redacción:

«5. Regulamentariamente, regularase a creación, organización e funcionamento de mercados organizados que teñan por obxecto a contratación a prazo de enerxía eléctrica, a xestión da cal corresponderá a sociedades xestoras, así como os suxeitos do sector eléctrico que poderán participar nestes mercados, as condicións en que o poderán facer, e a información que as sociedades xestoras deban comunicar ó operador do mercado e ó operador do sistema, para os efectos de aseguralo correcto funcionamento do sistema eléctrico.»

Cinco. Modifícase o punto 2.a) do artigo 33 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, que queda redactado da seguinte forma:

«a) A recepción das ofertas de venda emitidas para cada período de programación polos titulares das unidades de produción de enerxía eléctrica, cando estes presenten ofertas a través do operador do mercado.»

Seis. Modifícase o punto 2.j) do artigo 33 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, que queda redactado como segue:

«j) Recibir dos titulares das unidades de produción que negocien a súa enerxía a través de contratos bilaterais físicos ou das sociedades xestoras dos mercados de contratación a prazo a información necesaria co fin de que a dita enerxía sexa tomada en consideración para a determinación dos programas diarios e para a práctica das liquidacións que sexan competencia do operador do mercado.»

Sete. O actual 2.j) do artigo 33 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, pasa a se-lo punto 2.k).

Oito. Derrógase o artigo 26 do Real decreto lei 6/2000, do 23 de xuño, do medidas urxentes de intensificación da competencia en mercados de bens e servicios.

Nove. Engádese unha disposición adicional décimo sexta á Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional decimo sexta.

O Goberno poderá establecer por vía regulamentaria mecanismos de mercado que fomenten a contratación a prazo de enerxía eléctrica. Os ditos mecanismos tomarán a forma dunha emisión primaria de certa cantidade de enerxía eléctrica, equivalente a unha potencia constante durante un prazo de tempo non superior a un ano natural.

Esta emisión primaria de enerxía será realizada por aqueles produtores de enerxía eléctrica que teñan a condición de operadores principais no sector eléctrico, do acordo co establecido no artigo 34 do Real decreto lei 6/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes de intensificación da competencia nos mercados de bens e servicios.

A potencia afectada en cada emisión non poderá ser superior, para cada operador principal, ó 20 por cento da potencia eléctrica instalada de que sexa directa ou indirectamente titular. A capacidade de produción que poderá ser adquirida individualmente en cada emisión, por cada participante, quedará limitada a un máximo do 10 por cento da potencia total emitida.

O Goberno fixará regulamentariamente as condicións e o procedemento de funcionamento e participación nesta emisión primaria de enerxía eléctrica, que deberá ser pública, transparente e non discriminatoria.»

Disposición adicional primeira.

Nas subrogacións que se produzan nos préstamos hipotecarios a xuro variable concertados a partir do 27 de abril de 2003, do conformidade co disposto no artigo 1.1 da Lei 2/1994, do 30 de marzo, sobre subrogación e modificación de préstamos hipotecarios, e aínda que non conste neles a posibilidade de amortización anticipada, a cantidade que percibirá a entidade acreedora en concepto de comisión pola amortización anticipada do seu crédito calcularase sobre o capital pendente de amortizar, de conformidade coas seguintes regras:

1.^a Cando se pactase amortización anticipada sen fixar comisión, non haberá dereito a percibir cantidade ningunha por este concepto.

2.^a Se se pactase unha comisión de amortización anticipada igual ou inferior ó 0,50 por cento, a comisión que se percibirá será a pactada.

3.^a Nos demais casos, a entidade acreedora soamente poderá percibir por comisión de amortización anticipada o 0,50 por cento, calquera que sexa a que se pactase. Non obstante, se a entidade acreedora demostra a existencia dun dano económico que non implique a soa perda de ganancias, producido de forma directa como consecuencia da amortización anticipada, poderá reclamar aquel. A alegación do dano pola acreedora non impedirá a realización da subrogación, se concorren as circunstancias establecidas nesta lei, e só dará lugar a que se indemnice, no seu momento, a cantidade que corresponda polo dano producido.

Disposición adicional segunda. *Estudios sobre o réxime especial agrario da Seguridade Social.*

No prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei, o Goberno elaborará un estudio en que se analice a posibilidade de modificar normativamente o ámbito de aplicación do concepto de traballador por conta propia do réxime especial agrario e a viabilidade de establecer reducións nas bases de cotización por un período de tres anos para os mozos menores de 30 anos que se incorporen por primeira vez, como traballadores por conta propia, ó dito réxime especial.

Disposición adicional terceira. *Modificación da Lei concursal.*

Introdúcese un punto 3 na disposición adicional segunda da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, coa seguinte redacción:

«3. As normas legais mencionadas no punto anterior aplicaranse co alcance subxectivo e obxectivo previsto nelas ás operacións ou contratos que nelas se recollen e, en particular, as referidas ás operacións relativas ós sistemas de pagamentos e de liquidación e compensación de valores, operacións dobres, operacións con pacto de recompra ou se trate de operacións financeiras relativas a instrumentos derivados.»

Disposición transitoria primeira.

O disposto nos artigos décimo sétimo e décimo nono desta lei será aplicable ós préstamos hipotecarios vixentes a partir do 27 de abril de 2003.

Disposición transitoria segunda. *Prazo de opción dos traballadores por conta propia do réxime especial agrario.*

Os traballadores comprendidos no campo de aplicación do punto 3 do artigo noveno desta lei poderán acollerse ó réxime de cotización regulado nos puntos 1 e 2 do dito artigo a partir do 1 de xaneiro de 2004, sempre que opten por iso antes do 31 de xaneiro do mesmo ano. Esta opción terá, en todo caso, carácter irrevogable.

Disposición derradeira primeira. *Cotización adicional pola ampliación da protección por incapacidade temporal.*

A partir da entrada en vigor da ampliación da protección por incapacidade temporal a que se refire o artigo oitavo desta lei, os tipos de cotización establecidos na Lei 52/2002, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2003, quedarán modificados nos seguintes termos:

- a) No réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos, cando o interesado se acollese á protección por incapacidade temporal, o tipo de cotización será o 29,80 por cento.
- b) No réxime especial agrario, cando o traballador por conta propia se acollese á protección por incapacidade temporal, o tipo de cotización será o 4,35 por cento, do cal o 3,70 por cento corresponderá a continxencias comúns e o 0,65 por cento a continxencias profesionais.
- c) No réxime especial dos traballadores do mar o tipo de cotización por continxencias comúns dos traballadores por conta propia será o 29,80 por cento.

Disposición derradeira segunda. *Fomento de emprego das mulleres traballadoras nos supostos de maternidade.*

1. Engádesse un novo punto 4 ó número «Un. Ámbito de aplicación» do artigo 47 da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, coa seguinte redacción:

«4. Os contratos de traballo, de carácter indefinido ou de duración determinada ou temporais, das mulleres traballadoras que sexan suspendidos por maternidade e por excedencia por coidado de fillo, así como a transformación dos contratos de duración determinada ou temporais en indefinidos, darán dereito ás bonificacións previstas neste artigo cando se produza a reincorporación efectiva da muller ó traballo nos dous anos seguintes á data do parto, sempre que este se producise con posterioridade ó 27 de abril de 2003.

As cooperativas e as sociedades laborais terán dereito ás ditas bonificacións respecto das súas socias traballadoras ou de traballo, con vínculo de carácter indefinido, sempre que a entidade optase por un réxime de Seguridade Social propio de traballadores por conta allea.»

2. Modifícase o punto 9 do número «Tres. Incentivos» do artigo 47 da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, quedando redactado nos seguintes termos:

«9. Os contratos de traballo e relacións a que se refire o punto 4 do número un deste artigo darán dereito a unha bonificación na cota empresarial por continxencias comúns do 100 por cento durante os doce meses seguintes á reincorporación efectiva da muller ó traballo tralo período de suspensión do contrato por maternidade e por excedencia por coidado de fillo, do acordo co establecido no citado punto 4.

No suposto de contratos de duración determinada ou temporais subscritos con anterioridade ó 27 de abril de 2003, cando se produza a reincorporación nos termos sinalados no parágrafo anterior e, antes de que transcorrese un ano desde ela, se transforme o contrato en indefinido, a duración da bonificación a que se refire o parágrafo anterior será de dezaioito meses.

A bonificación a que se refire o parágrafo anterior non será acumulable a outras bonificacións previstas por transformación de contratos.»

3. Engádesse un novo punto 10 ó número «Tres. Incentivos» do artigo 47 da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, coa seguinte redacción:

«10. Os contratos de traballo acollidos ó presente programa de fomento do emprego estable formalizaranse no modelo oficial que dispoña o Instituto Nacional de Emprego, excepto no suposto de contratos xa existentes, ós que se refiren os puntos 3 e 4 do número un.»

4. Modifícase o punto 3 do número «Cinco. Exclusiones», do artigo 47 da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, que queda redactado nos seguintes termos:

«Non serán aplicables ás achegas empresariais relativas a traballadores que presten os seus servizos nas administracións públicas ou nos organismos públicos regulados no título III da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado:

a) As bonificacións dos contratos indefinidos con traballadores de sesenta ou máis anos e cunha antigüidade na empresa de cinco ou máis anos.

b) As bonificacións dos contratos de traballo das mulleres traballadoras que sexan suspendidos por maternidade e por excedencia por coidado de fillo.»

Disposición derradeira terceira. *Aboamento da prestación por desemprego na súa modalidade de pagamento único.*

Modifícase o primeiro parágrafo da regra primeira do punto primeiro da disposición transitoria cuarta da Lei 45/2002, do 12 de decembro, de medidas urxentes para a reforma do sistema de protección por desemprego e mellora da ocupabilidade, quedando redactado nos seguintes termos:

«Primeira. A entidade xestora poderá aboa-lo valor actual do importe da prestación por desemprego de nivel contributivo ós beneficiarios de prestacións cando pretendan incorporarse, de forma estable, como socios traballadores ou de traballo en cooperativas ou en sociedades laborais, sempre que non mantivesen un vínculo contractual previo coas ditas sociedades superior ós 12 meses, ou constituílas, ou cando os ditos beneficiarios pretendan constituírse como traballadores autónomos e se trate de persoas con minusvalidez igual ou superior ó 33 por cento.»

Disposición derradeira cuarta. *Fomento do emprego das mulleres con minusvalidez.*

Engádesse un parágrafo segundo no artigo 44.dous.1.a) da Lei 42/1994, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, coa seguinte redacción:

«No suposto específico de que se contraten mulleres minusválidas, as empresas terán dereito a unha bonificación do 90 por cento na cotización empresarial por contingencias comúns se a muller contratada ten unha idade igual ou superior a corenta e cinco anos e do 80 por cento en caso de que sexa menor da dita idade.»

Disposición derradeira quinta. *Disposicións de aplicación e desenvolvemento.*

Autorízase o Goberno para dicta-las disposicións que sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento desta lei.

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Disposición derradeira sétima.

A exención contida no número 1.º do punto un do artigo 20 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, seguirase aplicando igualmente ó franqueo efectuado por medio de impresións ou estampados á máquina por parte de empresas que teñan concedida autorización para franquear correspondencia a terceiros ou ben título habilitante postal. Cando resulte de aplicación a regra da pro rata, o importe para computar no denominador será a diferenza entre a contraprestación percibida polo franqueo e o seu custo de adquisición.

Disposición derogatoria única.

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido nesta lei.

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.
Madrid, 11 de novembro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

20773 *ORDE APA/3151/2003, do 12 de novembro, relativa ás medidas de protección contra o «Citrus canker» («Xanthomonas axonopodis pv. Citri»), a mancha negra («guignardia citricarpa») e «Elsinoe spp.» dos froitos cítricos. («BOE» 272, do 13-11-2003.)*

A Directiva 2000/29/CE do Consello, do 8 de maio de 2000, relativa ás medidas de protección contra a introducción e propagación na comunidade de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, inclúe no seu anexo II parte A, denominada «Organismos nocivos dos cales se debe prohibi-la introducción e propagación en tódolos Estados membros, se se presentan en determinados vexetais ou produtos vexetais», sección I, alíneas b) e c), a bacteria «Xanthomonas axonopodis pv. Citri» (antes denominada «Xanthomonas campestris pv. Citri») e os fungos «Elsinoe spp.» e «Guignardia citricarpa», respectivamente, como «Organismos nocivos dos cales non se ten constancia da súa presenza na Comunidade e dos que os efectos son importantes para toda ela».

Por outra parte, está recoñecida e constatada a difusión dos ditos organismos nocivos en Arxentina e Brasil, o que motivou que o Consello da Unión Europea establecese no seu día as medidas pertinentes aplicables ás importacións de cítricos destes dous países para protexe-lo territorio da Comunidade destes organismos nocivos. Sen embargo, a experiencia nas importacións realizadas nesta campaña en España provenientes destes países indica que na inspección fitosanitaria realizada a estes froitos se detectou en repetidas ocasións a presenza dos organismos: «Guignardia citricarpa», «Xanthomonas axonopodis pv. Citri» e «Elsinoe spp.» nos envíos procedentes de Arxentina, e «Guignardia citricarpa» e «Elsinoe spp.» nos de Brasil, o que motivou o rexeitamento das partidas afectadas. Esta circunstancia supón un grave risco fitosanitario para a citricultura española e da Unión Europea, que é preciso controlar mediante a aplicación das medidas oportunas.

En consecuencia, considérase necesaria a aplicación da medida de salvagarda prevista no artigo 16.2 da Directiva 2000/29/CE, en particular no relativo ós envíos de vexetais, produtos vexetais ou outros obxectos procedentes de terceiros países que se considere que presentan un perigo inminente de introducción ou propagación de, entre outros, os citados organismos nocivos.

A dita directiva foi trasposta ó ordenamento interno español a través do Real decreto 2071/1993, do 26